



Guía de recursos educativos sobre lixo mariño

edición 2023



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Concello de



Oleiros



Deputación
DA CORUÑA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



créditos



Coordinación

Carlos Vales, director do CEIDA

Selección de documentos, redacción de textos e maquetación:

Ana Pardo e Laura Sánchez, Área de Documentación do CEIDA

Deseño de portada:

Laura Calvo, Educadora Ambiental do CEIDA

Edita:

CEIDA, Deputación da Coruña

Ano:

2023

2ª edición



índice



Infantil.....	2
Textos literarios	3
Vídeos	4
Primaria.....	5
Libros informativos	6
Textos literarios	7
Vídeos	8
Secundaria	10
Libros informativos	11
Textos literarios	11
Infografías	12
Vídeos	12
Apps	14
Profesionais da educación	15
Libros/informes	16
Recursos didácticos	18



presentación

Estamos ante un momento de crise ambiental sen precedentes, na que a emerxencia climática cada vez máis visible en eventos metereolóxicos extremos, o acelerado ritmo de perda da biodiversidade a nivel mundial e a contaminación mariña son, se cadra, tres fenómenos con especial relevancia social e nos que cómpre abordar estratexias de intervención con especial urxencia.

A transición cara a modelos máis sustentables require dunha cidadanía informada e coñecedora da situación real dos problemas ambientais, dos retos que supoñen e a urxencia na toma de decisións e de medidas para mitigar ou adaptarnos aos cambios que se producirán nun futuro. Neste contexto, nace o programa 'Para unha Transición Ecolóxica', desenvolvido polo CEIDA co apoio da Deputación da Coruña, no que se enmarca esta guía de recursos educativos sobre lixo mariño dentro das accións que neste proxecto están dirixidas aos centros de ensino.

A búsqueda, selección e recompilación dos documentos que nela se recollen, foi realizada polo persoal do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, dependente do CEIDA, centro público de recursos de información e documentación sobre a Educación Ambiental e o Medio Ambiente. O seu funcionamento é similar a o dunha biblioteca especializada, e alberga nas súas instalacións un amplo e variado fondo documental con máis de 30.000 recursos bibliográficos.

O centro forma parte dunha rede estatal, a Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA), que reúne a máis de 100 bibliotecas e centros de documentación especializados en medio ambiente e disciplinas afíns, representantes das distintas Comunidades Autónomas do estado español.

Con esta guía de recursos o Centro de Documentación pretende poñer a disposición tanto dos profesionais da educación, formal e non formal, como das familias, unha selección de documentos cos que traballar a problemática do lixo mariño en todos os niveis educativos. Inclúe recursos dispoñibles en formato físico que se atopan en préstamo no centro, e materiais electrónicos que se poden descargar directamente dende a Rede.

Con ela, apoia o Obxectivo número 14 "Vida submariña" dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para o ano 2030 (Axenda 2030), cuxa finalidade é conservar e empregar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños.

Máis información sobre o servizo de documentación ambiental do CEIDA:

<http://www.ceida.org/gl/biblioteca-e-documentacion/o-centro-de-documentacion>
documentacion@ceida.org - 981 630 618



textos literarios



Aguado de la Obra, G. e Navarro, J. (2018)

Aquatika

InteRed

Idioma: español, galego, catalán, euskera e inglés

Conto, material didáctico e complementario:

<https://bit.ly/2IGHaOq>

Vídeo (material complementario):

<https://youtu.be/-2FJcqnfrXk>

Aquatika é un mundo submariño onde todos os animais ocúpanse por igual da limpeza e coidado do fondo do mar. A pesar diso cada día hai máis sucidade. Como é posible? De onde ven tanto lixo? Que poden facer os animais acuáticos para poñer freo a esta situación?



Berloso, L. (2020)


El mar que más quiero

La Galera

Idioma: español

Cando Biel mergulla no mar, descubre que algo non vai ben: a auga está moi sucia e chea de plásticos e residuos. Non pode ser. Ten que salvar o mar custe o que custe. O libro inclúe

información sobre os plásticos e consellos para deixar de consumilos.



Colectivo Rosa Sardina (2019)

Lota la cachalota

Editorial Takatuka

Idioma: español

No mar cada vez hai máis residuos. Lota, a cachalota, quere saber de onde procede todo ese lixo. Co seu amigo Malacu, o cangrexo, deciden emprender unha investigación que lles conduce,

primeiro a un barco de turistas, e despois, a un porto, onde poderán observar que a vida dos humanos está rodeada de plásticos.



Davies, B. e Poh, J. (2019)


La tortugueta y el mar

Editorial Bruño

Idioma: español

A Tortugueta encántalle o lugar onde vive: é un precioso mar cheo de vivas cores e maravillosas sorpresas. Pero un día vólvese escuro, feo e triste, e a pobre tartaruga corre grave perigo. Explora o

mar coa pequena tartaruga e coñece a terrible loita das especies que viven nel cando o plástico e a contaminación invaden os seus fogares.



Furze, V. (2019)


Hogar

Editorial Vegueta

Idioma: español

Unha tartaruga invítanos a coñecer o seu fogar nas profundidades do mar e o impacto que está a ter o plástico nos nosos océanos. A única maneira de acabar coa contaminación por

plásticos é que todos nos impliquemos.




Merlán, P. e Álvarez S. (2022)

A rede de Inés

Lata de Sal

Idioma: gallego, español

Inés decide levar á casa dous peixes na súa rede, méteos na súa peceira e lles pon nome. Esa noite nos seus sonhos percorre o fondo mariño e descubre que, non só é necesario deixar as especies no seu medio sen alteralo, senón que o mar está sucio debido á gran cantidade de residuos que os humanos botamos, contaminando e destruíndo todo ao seu paso.



Monreal, V. (2020)

El mar enfermo

Everest

Idioma: español

Tati é garda do mar. Vive tranquilamente ata que un día percátase de que os seus amigos os peixes non están. Nese momento decide intervir na vida dos humanos para axudar a salvar os océanos. O

libro forma parte da colección 'Guardianes de la Tierra', serie comprometida co coidado do planeta.



Roberts, S. e Peck, H. (2020)

¿Alguien se ha tragado a Lola?

Lola!

Editorial Bruño

Idioma: español

Lola é unha bolsa de plástico que flota desorientada no mar. Varios animais intentan tragala ata que unha tartaruga o consegue. Lola quédase atascada na gorxa da pobre tartaruga, que nada asustada ata alcanzar a praia.

vídeos



CNTV Infantil (2022) *Planeta Darwin: contaminación borde costero* [vídeo]

Youtube
<https://youtu.be/fl3fcm1hkqo>
Idioma: español

Serie animada protagonizada por Darwin, unha curiosa e preguntona ra chilena. Con ela aprenderemos sobre os diferentes temas que ameazan a vida e poñen en perigo o medio ambiente. Neste capítulo, Darwin está a gozar da praia pero atopa moito lixo ao seu arredor. Coñecerá a un peixe atrapado ao que deberá rescatar. Poderá atopar unha solución á contaminación costeira?



Cuentos Infantiles Cortos (2019) *Operación recogida de plásticos del mar* [vídeo]

Youtube
<https://youtu.be/qjuLVRdnSfo>
Idioma: español

A nosa amiga, a tartaruga Chelo e o seu amigo Grimpó, axudarán a varios peixes a liberarse dos plásticos que hai no mar. Necesitarán axuda das baleas e outros animais para levar a cabo a operación.



Fundación Reina Sofía (2019) *Lemon* [vídeo]

Youtube
<https://youtu.be/0e2zK0v2XPA>
Idioma: español

Cortometraje que intenta concienciar sobre o problema dos plásticos na natureza. Aínda que está incluído na sección de infantil, este recurso podería empregarse en calquera nivel educativo.



Mar de Plástico (2020) *Un mensaje en la botella: cuento sobre el mar de plástico* [vídeo]

Youtube
https://youtu.be/5w-4ZdN_nQQ
Idioma: español.

Baseado nun dos contos do libro 'Cuentos para salvar el planeta' de Anna Casals e Paolo Ferri, este vídeo narra unha das emotivas historias que se recollen no mesmo, centrada na contaminación por plásticos. Un relato cheo de amor e esperanza que transmite aos máis pequenos a necesidade de coidar do planeta.



Plastic Change International (2018)

Plastic tears [vídeo]

Youtube
<https://youtu.be/r60R8kKXt5U>
Idioma: vídeo musical

No fondo do profundo mar, os mexilóns gozan do silencio. Pero, de repente, un comeza a toser microplástico. Este spot da ONG danesa Plastic Change International, pretende chamar a atención da contaminación que sofre o mar por plásticos.



Tía TV (2017)

Menos fundas, más vida [vídeo]

Youtube
<https://youtu.be/RrUGjnssHOs>
Idioma: español

Un mundo cheo de lixo e plásticos no océano non é divertido. Este vídeo anima a coidar do planeta empregando bolsas reutilizables.



Universidad Nacional Autónoma de México, Instituto de Biología (2009)


La historia de una bolsa de plástico [vídeo]

Youtube
<https://youtu.be/tbpP539ibPc>
Idioma: español

Primeira dunha serie de animacións que tratan diferentes temas relacionados coa educación ambiental, adicado á contaminación por plásticos.

recursos dirigidos a primaria

6-11 años



libros informativos



Daynes, K. (2020)
Yo me pregunto... el plástico
 Editorial Usborne
 Idioma: español
 A partir de 6 anos

Para contribuír a xerar consciencia sobre o coidado do noso planeta, este libro informativo brinda aos nenos e nenas a ocasión de entender

como pasamos de transformar as nosas vidas coa axuda do plástico a converter este elemento nunha das maiores ameazas contaminantes do noso planeta e os nosos mares.



Dorey, M. e Wesson, T. (2020)
Superhéroes contra el plástico
 Planeta
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

Guía ilustrada que propón 50 misións para loitar contra o plástico e así poder cambiar o mundo.

Unha forma fácil para acabar co plástico na casa, na escola e na contorna máis próxima. O seu autor fundou o movemento global #2minutebeachclean para manter as praias limpas.



Echegaray Skontorp, M., Torres Tarazona, L. e Reyes Robles, J. (2010)
El mar se ahoga ¡sálvalo!: una mirada al grave problema de la basura marina

ACOREMA

<http://www.acorema.org.pe/documentos/elmarseahoga.pdf>

Idioma: español

A partir de 9 anos

ACOREMA é unha asociación civil peruana sen fins de lucro adicada á investigación e conservación da biodiversidade mariña, con énfase no estudo de especies ameazadas e no impulso da educación mariña. Este libro ilustrado pretende informar sobre a problemática do lixo mariño a nivel mundial, das súas consecuencias, e como podemos axudalo.



Eunju, K. e Jiwon, L. (2021)
Plástico: pasado, presente y futuro
 Editorial Juventud
 Idioma: español
 A partir de 12 anos

O mundo consume máis de 300 millóns de toneladas de plástico ao ano. Cando comezamos

a usalo e por que? Onde acaban os residuos plásticos? Un libro ilustrado sobre o plástico, cheo de información para capacitar á rapazada a tomar mellores decisións que benefician o seu futuro.



Hawkins, E. e Letherland, L. (2019)
Atlas de aventuras: océanos
 Editorial Flamboyant
 Idioma: español
 A partir de 9 anos


Os océanos son esenciais para a vida na Terra.

Dende fai séculos, a humanidade conta con eles para obter comida, transportarse e mesmo, sacar combustible deles, como o petróleo. Este libro ilustrado inclúe información sobre a importancia dos océanos, a pegada ecolóxica que deixamos os humanos no mar e os efectos sobre a poboación mariña.



Hurtado, R., Ibáñez, J. e Mosquera, C. (2019)
Paremos la invasión: que el plástico no nos domine
 Andana Editorial
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

Estamos a sufrir unha invasión silenciosa. Ata 12 millóns de toneladas de plásticos van a parar aos nosos océanos cada ano e afogan ecosistemas, provocan danos na fauna que entran na cadea alimentaria. Este libro informativo está pensado para que os máis novos tomen conciencia sobre as consecuencias do uso abusivo dos plásticos.



Poulin, A. e Morin, J. (2022)
Contaminación por plástico
 Picarona Editorial
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

O plástico está por todas partes. No aire, na terra, na cima das montañas e nas profundidades do océano. O planeta se está afogando. Mais por que

é á vez unha marabilla e unha ameaza? Cantos centos de animais mata? Por que están tan enfermos os nosos mares? Este libro informativo fai un repaso exhaustivo a un problema complexo e urxente do medio ambiente.



Serrano, L. (2020)
Salvemos los océanos
 Anaya
 Idioma: español
 A partir de 6 anos.

Sabías que os océanos ocupan as tres cuartas partes da superficie do noso planeta, e que son fundamentais para que a Terra sexa habitable?

Ademais, son a casa de moitísimas especies. Pero os estamos a degradar... que podemos facer para mellorar a situación? Este libro forma parte dunha colección adicada aos obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas.

textos literarios



Carballera, P. (2020)


Carabela

Galaxia

Idioma: galego

A partir de 9 anos.

Este libro conta a historia de Carabela, a cociñeira dun barco que naufraga na Illa Pequena de Plástico, onde está soa e rodeada de peixes mutantes que a advirten que son tóxicos, e paxaros que se queixan por comer substancias nocivas. Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. Unha obra que nos lanza unha mensaxe sobre a importancia de que coidemos o noso ambiente e os océanos.



Deall, K. (2019)

Phanton: a tale on plastic pollution

United Nations

<https://bit.ly/2IEBVwr>

Idioma: inglés

A partir de 9 anos

Na aventura submarina Phantom, lemos sobre o trágico efecto que teñen os plásticos no noso planeta. Phantom, a balea máis grande do océano, está tratando de sobrevivir no seu hábitat natural. Descubre como os amigos de Phantom axudan a deter a contaminación mariña e que podes facer ti para protexer os océanos.



Eparkhina, D. e Lehtonen, K. (2017)

El océano es mi casa

EuroGOOs

Idioma: español e inglés

Versión en español:

<https://bit.ly/38yywmm>

Versión en inglés:

<https://bit.ly/3ImBkQG>

A partir de 6 anos

O océano é moito máis grande que a terra pero só vemos a súa superficie. Jake é unha tartaruga oceanógrafa. Recolle información sobre o mundo submarino oculto. Neste libro Jake explica como os océanos nos axudan, e como todos podemos axudar á súa protección.



Garrido, Y., González, N. e Reyes, J. (2014)

Aventuras y desventuras de Supermar en Lanzarote

Cabildo de Lanzarote

<https://bit.ly/3ePq6Sq>

Idioma: español

A partir de 6 anos

Cómic desenvolvido dentro da campaña 'Plástico Cero en la Reserva de Biosfera de Lanzarote', que trata o problema dos plásticos e outros residuos domésticos e a súa incidencia nos nosos mares.



Gonzalo, P. (2021)


Tex Patton y la isla de plástico

Destino

Idioma: español

A partir de 9 anos

Aos seus trece anos, Tex Patton parece un rapaz normal. Certo é que, desde neno, é capaz de predecir as tormentas con abraiante exactitude. Nesta historia, Tex comezará unha viaxe para tratar de descifrar a súa verdadeira natureza, a especial relación que mantén coa auga e cumprir a misión que lle foi encomendada: facer chegar á humanidade unha mensaxe de advertencia e salvar o océano da destrución.



Nadel, M. e Gagne, M. (ca. 2020)

La patrulla Poseidón


Comics Uniting Nations

<https://bit.ly/3plf6zS>

Idioma: español

A partir de 9 anos

A Patrulla Poseidón enfróntase a unha nova misión: axudar a protexer os océanos. Unha das súas principais ameazas, a contaminación por plásticos e outros residuos perxudiciais para a saúde dos humanos e da vida mariña, ameaza a súa supervivencia. O místico monarca dos sete mares otorgoulles poderes especiais e xuntos, loitarán por un mar limpo e vivo.



Núñez, P. (2009)

El viaje de Jurella y los microplásticos

Científicos de la Basura

<https://bit.ly/3f6nEXE>

Idioma: español

A partir de 9 anos

Queres coñecer a viaxe dunha xove peixiña e os seus amigos pola costa de Chile, e os obstáculos que dificultan a súa viaxe cara ao océano aberto? Unha historia animada dirixida a últimos cursos de primaria, acompañada de información científica complementaria.



Núñez, P. (2009)

Los amigos de la gaviota Lara


Científicos de la Basura

<https://bit.ly/3eNSF2t>

Idioma: español

A partir de 9 anos

Sabías que a familia da gaivota Lara percorre toda a costa de América? Acompaña con esta historia a esta ave na súa travesía, na que atopará moito lixo. Unha historia animada dirixida a últimos cursos de primaria, acompañada de información científica complementaria.



Planet, A. (2012)
¡Salvemos el mar!: las aventuras de Pulpirecicla
 Ocean of trash
<https://bit.ly/2UmVgqF>
 Idioma: español
 A partir de 6 anos

Historia que pretende educar e entreter, recollendo temáticas como o poder da reciclaxe, o amor hacia os océanos, ou os valores e principios esenciais sobre a influencia dos mares nas nosas vidas.



Santa Cruz, S. (2019)
Si los peces hablaran...
 Létrame SL
 Idioma: español
 A partir de 6 anos

As criaturas mariñas únense para resolver o grave problema da contaminación. Cos tridentes do Rey Neptuno limpan o mar, pero o lixo... non deixa de caer! Polo ben de todos, teñen que lograr concienciar aos humanos de que é necesario mudar os seus malos hábitos e adquiran un compromiso co mar. Contén códigos QR e realidade aumentada con animación para transmitir unha mensaxe que vai máis alá da idade. Un conto para nenos e adultos.


Vídeo (material complementario):
<https://vimeo.com/347777449>

vídeos



Abadie, A. (dir.) (2014)
Peter Plastik [vídeo]
 Youtube
<https://youtu.be/CjNE6Svda0U>
 Idioma: español
 A partir de 6 anos

Comida envolta en plástico, utensilios envoltos en plástico, auga embotellada en plástico... non son máis que algúns exemplos do que podemos atopar no supermercado cada día. Mais sabemos onde remata a inxente cantidade de plástico que desbotamos ao lixo?



Asociación Ambiente Europeo (2018)
La balada de la bolsa de plástico [vídeo]
 Youtube
<https://youtu.be/Nwkg0050kNI>
 Idioma: vídeo musical, subtítulos en español.
 A partir de 6 anos

Unha bolsa de plástico aparece baixo un coche empuxada por un golpe de vento. Cantando a súa balada, inicia o seu periplo polas rúas, campos e beirarrúas. Este vídeo nace para tomar conciencia do impacto das nosas accións cotiás no medio natural.




AZTI e outros (2017)
Nanoplásticos [vídeo]: megapeligro
 Youtube
<https://youtu.be/KhPrHynr-7A>
 Idioma: vídeo musical, subtítulos en español.
 A partir de 9 anos

Segunda parte da serie 'Los ResponSEAbles', do proxecto europeo que leva o mesmo nome, que aborda o problema dos microplásticos na nosa vida diaria, que poden producir danos á nosa saúde e ao medio mariño.



Biomundos (2018)
Islas de Basura [vídeo]
 Youtube
<https://youtu.be/d0S9oTn3NXQ>
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

Vídeo didáctico sobre a cantidade de lixo mariño que se atopa en forma de illas nos mares, cun grande impacto en moitos animais que viven nesas augas, e na nosa saúde.



Ecología Verde (2018)
La contaminación marina [vídeo]
 Youtube
<https://youtu.be/b8cfWYPd5il>
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

Os océanos representan máis do 70% da superficie terrestre e albergan o 87% da auga que existe no planeta. Este vídeo fala da contaminación mariña como un dos problemas ambientais actuais e das súas causas.



Ecología Verde (2019)
Islas de basura [vídeo]
 Youtube
<https://youtu.be/OQuLuixec4>
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

Que son as illas de plástico e como se forman? Cales son as súas principais consecuencias? Este vídeo explica que son estas enormes masas presentes nos nosos océanos.



Ecología Verde (2021)
Plásticos en el mar [vídeo]
 Youtube
<https://youtu.be/VmNen39jXHE>
 Idioma: español
 A partir de 9 anos

A contaminación dos océanos é un dos grandes problemas ambientais aos que se enfrenta a humanidade. Neste vídeo explícase causas, consecuencias de que tantos plásticos acaban no medio mariño, e como podemos reducir o seu uso.



MARLISCO (2014)

Sources and impacts of marine litter [vídeo]

Youtube

<https://youtu.be/017bBeXhYz4>

Idioma: vídeo musical

A partir de 6 anos

Vídeo didáctico que mostra de onde provén o lixo mariño e cales son as súas consecuencias nas especies e ecosistemas mariños.



Orozco A. e Gimeno, X. (2017)

La natura de las paraules

[vídeo]: *els fons marí*

Samarucdigital

<https://vimeo.com/243613236>

Idioma: catalán

A partir de 6 anos

Cortometraxe de animación e escenas reais onde a nena Pau e os seus amigos mergúllanse baixo a auga para explicar que pasa nos fondos mariños ao lanzar lixo ao mar ou, polo contrario, cando somos respectuosos coa natureza e reciclamos.



A stylized illustration of an underwater scene. It features two wavy blue lines representing water. A large, yellow, ribbed seashell is the central focus. To the left is a blue coral-like structure. Above the shell is a small yellow buoy with a white stripe. Below the shell is a small blue fish. At the bottom are blue rocks and a small yellow object. The background is light blue with scattered yellow dots.

libros informativos




Blom, K. e Gabrielsen, G. W. (2018)

Un mar de plásticos

Editorial Takatuka

Idioma: español
A partir de 12 anos

Este libro como o océano, que alimenta ás aves mariñas, estase a converter nun vertedoiro. Cando os científicos examinan os fulmares boreales mortos que chegan arrastrados pola corrente das praias, atopan residuos plásticos nos seus estómagos. As aves supoñen o aviso de que hai demasiado plástico nas augas mariñas. Mais todos podemos facer algo por axudalas.




Gonstalla, E. (2018)

O libro dos océanos: que ameaza o mar?

Catro Ventos

Idioma: galego
A partir de 12 anos

Verteduras de petróleo, sobrepesca, illas de refugallo plásticos... Hai tempo que os nosos mares deixaron de ser fonte de saúde, alimento e benestar. Nas últimas décadas, a contaminación e o espolio dos océanos aumentaron de forma notable. Mais cal é o auténtico estado do meirande ecosistema da Terra? Este libro informativo permite comprender mellor as relacións que existen entre a actividade humana e os cambios que sofre o mar, un retrato que, alén de convidar á reflexión, convértese nun recurso para a acción.




Lenn, Y., Green, J.A. e Ackland-Snow, N. (eds.) (2021)

50 ideas cruciales sobre el mar: y su importancia para la vida en la Tierra

Blume

Idioma: español
A partir de 12 años

Neste libro abórdanse temas tan específicos como a radiación solar, as peculiaridades e biodiversidade que alberga o medio mariño, así como a contaminación plástica e outras cuestións que están a afectar á saúde dos océanos.



Pêgo, A., Minhós Martins, I. e Carvalho, B. P. (2020)

Plasticus maritimus, unha especie invasora

Kalandraka

Idioma: galego
A partir de 12 anos

'No mundo faltan problemas en busca de solución.' Así comeza este libro, escrito co fin de coñecer mellor o problema dos plásticos nos océanos e aprender a actuar da mellor forma posible para minimizalo.



Reserva Mundial de la Biosfera La Palma (2018)

Guía de buenas prácticas ambientales en el uso de los plásticos

Reserva Mundial de la Biosfera La Palma

Idioma: español
A partir de 14 anos
<https://bit.ly/3Cv2grX>

Esta guía trata de despertar conciencia sobre a ameaza que supoñen os plásticos no medio ambiente e os beneficios que aporta a redución do seu uso e unha xestión máis sostible dos mesmos, promovendo prácticas máis respectuosas coa nosa contorna.

textos literarios



Alonso, A. (2020)

Mares de plástico

Anaya

Idioma: español
A partir de 12 anos

Elena apúntase en vacacións a un campo de traballo para limpar de plásticos as praias nas illas Canarias. Unha historia de ficción para aprender sobre a acumulación de plásticos no mar e as medidas que se poden adoptar para frear esta problemática ambiental.



Aneiros, R. (2019)

Xelis, o guieiro das botellas do mar

Xerais

Idioma: galego
A partir de 12 anos

Cando Xelis descubriu unha botella de mar na regaña máis agochada da Punta de Bruaboi, decatouse de que algo extraordinario estaba a piques de acontecer. Unha gran mancha de plásticos, que navegaba errática polos océanos, deu en ameazar a illa de Otlic e puxo en perigo os seus habitantes. Xelis inicia entón unha arriscada viaxe para evitar a desfeita ecolóxica do planeta.



Fernández Paz, A. (2013)

As flores radioactivas

Xerais

Idioma: galego
A partir de 12 anos

Un estraño resplandor aparece no mar, nunha área coñecida como Fosa Atlántica. Nesa zona, durante ben de anos, varios países europeos mergullaron os residuos radioactivos das súas centrais nucleares. Cando a OTAN envía barcos ao lugar, descóbrese algo sorprendente que as autoridades ocultan. Alba é unha rapaza que se sente intrigada polo misterio e desexa coñecer a verdade.

infografías



Agència Catalana de l'Aigua
(2007)
Les espècies més perilloses del Mediterrani
Generalitat de Catalunya
<https://bit.ly/38xTR9i>
Idioma: catalán
A partir de 12 anos

Durante o verán de 2005, o Goberno de Cataluña impulsou unha campaña para protexer as praias dos residuos que ameazan a supervivencia de moitas das especies que viven nel, e degradan así o ecosistema mariño. Con este póster, que leva o lema 'As especies máis perigosas do Mediterráneo', ponse de manifesto as consecuencias das nosas accións sobre o medio ambiente e a vida de moitos seres vivos cos que compartimos o planeta.



Iberdrola (ca. 2020)
Contaminación oceánica
Iberdrola
Causas da contaminación oceánica:
<https://bit.ly/3IYS26q>
Océanos a la deriva: <https://bit.ly/3qwYzyS>
¿De dónde proceden los microplásticos?:
<https://bit.ly/43mhk6M>
Idioma: español
A partir de 12 anos.

Serie de infografías sobre a contaminación mariña, as causas deste problema ambiental, e consecuencias derivadas da mesma como os microplásticos.



Mar Viva (ca. 2019)
Situación mundial de la basura marina
Mar Viva
<https://bit.ly/3OYn2rd>
Idioma: español
A partir de 12 anos.

O 80% da contaminación mariña provén da terra firme. A solución está nas nosas mans, eliminando o plástico desechable e comezando a empregar botellas de vidro e outros materiais máis amigables co medio ambiente. Esta infografía recolle a situación mundial do lixo mariño e o seu impacto.



MEDCLIC (ca. 2018)
Océanos sanos, planeta sano
SOCIB
<https://bit.ly/32wGNNG>
Idioma: catalán
A partir de 12 anos

Infografía que mostra como son os océanos, cales son os perigos que os ameazan, e as accións que debemos de tomar para protexelo.

vídeos



Asociación Ambiente Europeo
(2018)
Basuras marinas [vídeo]:
una marea global fuera de control
Youtube
<https://youtu.be/Eh9YcvncOMA>
Idioma: español
A partir de 12 anos.

O problema global do lixo mariño está fóra de control. Dalo a coñecer, e as súas causas, é fundamental para crear conciencia social, cambiar hábitos e propoñer políticas baseadas no respecto dos ecosistemas mariños.



CETMAR... [et al.] (2019)
CleanAtlantic [vídeo]: **la lucha contra la basura marina en el Espacio Atlántico**
Vimeo
<https://vimeo.com/385206067>
Idioma: inglés, subtítulos en español.
A partir de 12 anos.

A día de hoxe a contaminación mariña é un problema global. Este vídeo, desenvolvido dentro dun proxecto INTERREG Espacio Atlántico (2014-2020), presenta o proxecto CleanAtlantic. Os primeiros minutos poden empregarse como recursos didáctico nas aulas, xa que ilustra este problema.



España. Ministerio para la Transición Ecológica (2019)
Las basuras marinas [vídeo]
Youtube
https://youtu.be/DZcXCK_JSzE
Idioma: español
A partir de 12 anos.


Vídeo didáctico que pretende dar a coñecer o impacto do lixo mariño e como podes contribuir a atallar este problema.



Greenpeace (2016)
La historia de una cuchara en su camino hacia el mar
[vídeo]
Youtube
https://youtu.be/H_dxgYDtFqY

Idioma: español.
A partir de 12 anos.

Cada ano, 8 millóns de toneladas de plásticos chegan aos nosos mares. O 70% destes residuos xéranse en terra firme. O camiño dunha culler de plástico ata chegar ao mar é moi longo.



Jordan, C. (dir.) (2017)

Albatross [vídeo]

<https://bit.ly/36w0SVs>

Idioma: inglés, subtítulos en español.

A partir de 12 anos.

Un albatros adulto alimenta á súa cría con restos de plásticos que confunde con alimento no océano. Esta é a realidade que viven milleiros de aves no mundo, pero nunha illa no océano Pacífico

Norte afecta a toda unha colonia de albatros, provocándolles ata a morte. Unha cruda realidade que o fotógrafo e documentalista estadounidense Chris Jordan mostra neste documental.



El Mundo (2019)

Guerra al plástico [vídeo]

Youtube


<https://youtu.be/Z4gwuO3H40Y>

Idioma: español:

A partir de 12 anos.

O plástico está en todas partes: nos nosos océanos, na comida, na auga da billa e ata no

aire que respiramos. Sabemos o dano ambiental que causa, pero non como afectará á nosa saúde.



Naciones Unidas (2018)

Rompe con el plástico

[vídeo]


Youtube

<https://youtu.be/idvDPBHq6WE>

Idioma: inglés, subtítulos en español

A partir de 12 anos.

Campaña da ONU que alerta de que a nosa relación co plástico é dañina. Baixo o lema 'Rompe con él' pretende chamar a atención sobre o enorme consumo de plásticos e o seu impacto no medio ambiente. Estás listo para romper co plástico?



NOAA's National Ocean Service (2015)

Trash talk: what is marine debris? [vídeo]

Youtube

<https://youtu.be/FfSFkEM5Psc>

Idioma: Inglés

A partir de 12 anos.

Vídeo didáctico onde explican que entendemos por lixo mariño, que predomina nestes residuos e de onde provén.



Pérazlo, V. (dir.) (2019)

Océanos [vídeo]: **el misterio del plástico desaparecido**


Youtube

<https://youtu.be/qwRQWnNx7ck>

Idioma: español

A partir de 12 anos.

Oito millóns de toneladas de residuos plásticos vértense no mar, chegando a formar novos ecosistemas. Algúns son case imperceptibles para os humanos. Este documental trata de investigar onde acaban estas partículas que resultan ser tóxicas.



Piper, H. (dir.) (2004)

Océanos del planeta [vídeo]: **situación de alarma**

Discovery Channel

Idioma: español e inglés

A partir de 12 anos.

Este documental é unha chamada de alerta sobre a situación desastrosa e de degradación que padecen os nosos océanos. Cando se verten substancias velenosas no mar, estas pasan a formar parte das correntes mariñas, espárcíndose por todo o mundo. Aínda estamos a tempo de rectificar os danos e darnos conta que podemos cambiar os nosos hábitos.



Plastic Oceans International (2020)

Out of plastic [vídeo]

Plastic Oceans

<https://plasticoceans.org/out-of-plastic-esp>

Idioma: español (previo registro)

A partir de 12 anos

Documental filmado por un equipo de científicos internacionais en máis de vinte lugares que revelan as causas e consecuencias da contaminación plástica no océano.



RTVE (2013)

Sopa de plástico [vídeo]

RTVE Play

1ª parte: <https://bit.ly/3Ngt05E>

2ª parte: <https://bit.ly/42lmWwJ>

Idioma: español

A partir de 12 anos

Neste documental, 'El Escarabajo Verde' dialoga con persoas expertas para advertir da gravidade do que ocorre coa contaminación, trasladándose ata as illas de Lanzarote e Fuerteventura, onde é máis fácil visualizar o alcance deste problema. Estas illas son só un exemplo do que ocorre no resto do país e do planeta.



Universidade de Vigo, Campus do mar (2022)

Microplásticos [vídeo]

Campus do mar

<https://bit.ly/3OYy2F1>

Idioma: español

A partir de 12 anos

Vídeo pertencente ao proxecto 'Desafíos del océano, científicas al mando', no que a investigadora do Instituto Español de Oceanografía, Lucía Viñas, fala do problema dos microplásticos.



h2>app's



Asociación Vertidos Cero para la Prevención, Minimización y Eliminación de los Vertidos (2018)
MARNOPA [aplicación móvil]
<https://bit.ly/43rlpXj>

Plataforma que ten como obxectivo recompilar, almacenar e mostrar, dun modo sinxelo, información sobre o lixo mariño de praias, flotantes e fondos. Está pensada como caderno de campo e conta cun visor web onde se poden ver os resultados das recollidas realizadas.

Visor de resultados: <https://visor.marnoba.vertidoscero.com>



Surfrider Foundation Europe (2023)
Plastic origins [aplicación móvil]
<https://bit.ly/3oVsmB5>

Proxecto cidadá de recollida de datos cuxo obxectivo é cartografiar a macrocontaminación por residuos arrastrados polas ribeiras dos ríos europeos. Os resultados axudarán a identificar zonas afectadas e medir a avaliación da contaminación a longo prazo.



Plastic Soup Foundation, Asociación Ambiente Europeo (2020)
Beat the Microbeat [aplicación móvil]
<https://bit.ly/43A6SZK>

Pequenas partículas de plástico son empregadas a miúdo en cosméticos, produtos de beleza ou coidado persoal como axentes de limpeza, emulsionantes ou simplemente como recheos para abaratar custes. Lavarse a cara e os dentes ou empregar cosméticos con produtos que conteñen microplásticos ten un impacto nos ecosistemas mariños. Esta aplicación permite saber de forma rápida se os nosos cosméticos e produtos de coidado persoal teñen este tipo de ingredientes.



Project Aware (2019)
Project Aware [aplicación móvil]
<https://bit.ly/3ChPr3X>

Project Aware é un movemento global de defensores dos océanos, que permite aos mergulladores e entusiastas do océano ser axentes de un cambio positivo para os nosos mares. A aplicación concíbese como unha ferramenta para informar dos tipos e cantidades de lixo mariño atopados baixo a auga, así como a vida silvestre enredada ou morta. O obxectivo é crear un banco de datos global que axude a proporcionar unha perspectiva precisa dos residuos mariños que se atopan nos océanos e axudar a encontrar solución.

Máis información do movemento: <https://www.projectaware.org>




Surfrider Foundation Europe (2022)
Ocean's zero [Aplicación móvil]
<https://bit.ly/3qBtgDq>

Aplicación que facilita a aprendizaxe do movemento Zero Waste para salvar os océanos. Con 25 retos para poñer en práctica na túa vida diaria, avanzas ao teu propio ritmo na redución de residuos. Recetas de cosméticos, produtos caseiros para o fogar, consellos para unha casa máis ecolóxica, son algúns dos exemplos que se recollen na app.



recursos dirixidos a profesionais da educación



libros, informes



Aguilar, R., Marín, P., Álvarez, H., Blanco J., Sánchez, N (2022)

Plástico en las profundidades: un problema invisible

Oceana

<https://bit.ly/42U8JaJ>

Idioma: español

Os fondos profundos están calificados como oasis de vida ou puntos quentes de biodiversidade, debido á grande riqueza de especies que habitan neles. Mais é nas profundidades onde permanece oculta a maior parte do lixo mariño, alterando estos ecosistemas durante séculos antes de degradarse.



Alessi, E. et al. (2018)


Una trampa de plástico: liberando de plástico el Mediterráneo

WWF

<https://bit.ly/2lwpJAK>

Idioma: español

O mar Mediterráneo é hoxe un dos mares con maior contaminación por plásticos do mundo. Os grandes trozos de plásticos asfixian e, a miúdo, matan aos animais mariños, incluído especies protexidas e en perigo de extinción como as tartarugas. Mais son os microplásticos os que alcanzan niveis récord no Mar Mediterráneo.



Bauske, B. e Kraas, C. (2022)

Impactos de la contaminación por plásticos en los océanos sobre las especies, la biodiversidad y los ecosistemas marinos

WWF Internacional

<https://bit.ly/3o7NP9x>

Idioma: español

Informe que describe o nivel da contaminación por plásticos que está a afectar nos océanos, así como o impacto que está a ter sobre as especies e ecosistemas mariños. A situación é grave e está a empeorar rapidamente, afirmando que nalgúns escenarios o nivel será 50 veces maior ao actual no 2100.



Bilbao Villena, A. (2015)

Desengancharse del plástico: problemas de un material ubicuo

Ecologistas en Acción

<https://bit.ly/43MKZGg>

Idioma: español

A nivel mundial, existe un forte movemento social e científico en contra do uso dos plásticos. Mais a información referente a estes é dispersa e, en moitas ocasión, confusa. Este informe nace co obxectivo de propoñer unha visión dos usos e consecuencias dos plásticos a partir de artigos publicados pola comunidade científica, institucións ou empresas do sector.



CleanSeas (2017)


The Back to School Plastic Challenge: start the school year by breaking up with single-use plastics

CleanSeas, UN Environmet

<https://bit.ly/3krjs5Z>

Idioma: inglés

A contaminación plástica é unha das ameazas ambientais máis urxentes do noso tempo e existe unha forma fácil de axudar a detela: reducindo o consumo de plástico dun só uso na nosa vida diaria, na escola e na comunidade. Algúns consellos están recollidos nesta guía.



España. Ministerio para la Transición Ecológica (2019)


Basuras marinas

Ministerio para la Transición Ecológica, Centro de Publicaciones

<https://bit.ly/2UzM6ri>

Idioma: español

A acumulación de lixo no mar é un problema sen precedentes na historia do noso planeta, constatándose efectos negativos de diversa índole sobre as nosas especies, hábitats e ecosistemas mariños. Este cuadernillo fai unha síntese desta problemática e a súa incidencia en España.



Gallego, J. L. (2019)

Plastic detox

Libros Cúpula

Idioma: español

Este recurso non é para ecoloxistas convencidos, nin militantes, nin extremistas, tampouco é para criminalizar o plástico. É para todo tipo de persoas consumidoras, cada vez máis

conscientes do terrible impacto do plástico no medio ambiente e nos nosos océanos. Ferramentas, ideas e propostas para reducir o consumo do plástico sen mudar radicalmente o noso estilo de vida.



Greenpeace (2017)

La problemática de los plásticos en Europa

Greenpeace

<https://bit.ly/3nqePet>

Idioma: español

Campaña que pretende visibilizar o problema dos plásticos en Europa e nos seus mares e océanos, demandar solucións e provocar un cambio nos hábitos de consumo.




Grupo de Trabajo de Basuras Marinas de CONAMA (2017)
Decálogo ciudadano contra o lixo mariño

Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente

Folleto: <https://bit.ly/32C47cP>
Póster: <https://bit.ly/3ppMuXf>

Idioma: galego (disponible tamén en español, catalán e euskera).

Documento consensado por organizacións ambientais, administración, entidades do terceiro sector, pescadores e empresas... que recolle consellos e boas prácticas centradas na preservación, co obxectivo de axudar a manter as praias, costas e océanos limpos.




Hohn, D. (2012)
Moby-duck

Editorial Aguilar

Idioma: español

O 10 de xaneiro de 1992 unha tormenta sorprendeu a un cargueiro que cruzaba o Pacífico de Hong Kong a Washington. Doce contedores caeron ao mar. Un deles abriuse e liberou 28.800

bolsiñas de xoguete de plástico ao mar. O periodista Donovan Hohn leu a nova e decidiu seguir o rastro dos xoguete. Descubriu unha realidade aterradora.




Luna Fernández, A. (2020)
La era del plástico

Editorial Guadalmazán

Idioma: español

A contaminación por plástico converteuse nun problema ambiental de dimensións globais. Daña ecosistemas e incluso pode afectar a diferentes aspectos da nosa vida diaria. Este libro pretende

explicar cientificamente que hai detrás deste controvertido tema. Podemos facer algo para mudar este problema?




Maqueda, M. (dir.) (consultada o 8 de xuño de 2023)
El Plástico Mata

<https://elplasticomata.com>

Idioma: español

Proxecto sen ánimo de lucro que na actualidade agrupa a científicos, artistas, activistas e cidadáns que comparten a visión dun mundo libre de

contaminación por plásticos e dos seus efectos nocivos para a saúde. A web recolle conceptos básicos, información sobre os efectos do plástico, solucións ao problema, así como un blog con noticias.



McCallum, W. (2019)
Deja el plástico: guía práctica para cambiar el mundo

Editorial Península

Idioma: español

Este libro axudarache a ser consciente de que hai pequenos cambios que poden marcar a diferenza, como mercar unha taza de café reutilizable, empregar champú en pastilla ou poñer a roupa na lavadora dentro dunha bolsa que impida que libere microfibras. Non será fácil facer desaparecer o plástico das nosas vidas, mais precisamos aunar forzas ao longo de todo o mundo para prantear cara a un dos maiores retos ambientais do noso tempo.



Nicoli, E. (2021)
Adeus, plástico!: claves para unha vida sen residuos
Catro Ventos

Idioma: galego.

Este libro explica o panorama actual con cifras e datos da contaminación por plásticos, e recolle consellos prácticos para cambiar os nosos hábitos

e reducir os refugallo que xeramos en todos os aspectos da nosa vida. Un vademécum indispensable para ler, reler, subliñar, e chegar sempre á mesma conclusión: reducir é o máis importante.



Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (2018)
Guía de buenas prácticas para evitar la llegada de basura al mar

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Galicia
<https://bit.ly/2UvjSxv>
Idioma: español

Este documento recolle as opinións recabadas durante a celebración dunha serie de mesas de traballo, promovidas polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, dentro dun proxecto LIFE IP INTEMARES "Xestión integrada, innovadora e participativa da Rede natura 2000 no medio mariño español".



Porte, M. de la (2020)
Familias sin plástico: pequeño manual de ecología cotidiana para cuidar el planeta

Grijalbo
Idioma: español

Guía ilustrada chea de pautas, consellos e truco que nos axuda a poñer en práctica a iniciativa 'zero waste', ofrecendo alternativas sinxelas para unha vida familiar saudable e respectuosa co medio ambiente.



Rezero (ca. 2020)
Viure sense plàstics
Diputació Barcelona, Àrea d'Acció Climàtica

<https://bit.ly/3qwPt5v>


Idioma: catalán

Guía informativa que recolle diferentes cuestións relacionadas cos plásticos: que son, cal é a súa problemática, así como consellos e cambio de hábitos de consumo para desplastificar o mundo.




Roberts, C. (2014)
Océano de vida: cómo están cambiando nuestros océanos
 Alianza
 Idioma: español

Sabemos dende fai moito como transformou a humanidade a superficie terrestre, mais non somos de todo conscientes da presión sen precedentes a que se están a someter os océanos. Na maioría dos lugares, perdeu máis do 75% da súa megafauna e hoxe se está a pescar ata a tres kilómetros de profundidade. Os océanos son autoestradas do mundo globalizado, e ás ameazas tradicionais está a sumarse as do plástico, as substancias químicas tóxicas, ou a acidez das augas debido ao efecto invernadoiro.




Rojo-Nieto, E. e Montoto, T. (2017)
Basuras marinas, plásticos y microplásticos: orígenes, impactos y consecuencias de una amenaza global
 Ecologistas en Acción
<https://bit.ly/43rQs5w>
 Idioma: español

Informe que fala da problemática dos plásticos como principal compoñente do lixo mariño, os efectos sobre os ecosistemas mariños, as orixes e as medidas a tomar.



Romera Castillo, C. (2022)
Antropocéano: cuidar los mares para salvar la vida
 Espasa
 Idioma: español

Antropocéano é o mar da nosa era, un mar no que a especie humana deixou pegada. A nosa forma de vivir repercute no océano, pero o que lle afecta a el, aféctanos tamén a nós. De forma amena e clara, a través de historias reais e baseado en estudos científicos, este libro mostra os problemas do mar, que os provocou, así como accións positivas que se están levando a cabo para remedialos.



Streit-Bianchi, M., Cimadevila, M. e Trettnak, W. (eds.) (2020)
Mare plasticum - the plastic sea: combatting plastic pollution through science and art
 ArsCiencia, Springer
 Idioma: inglés

Este libro explora un dos problemas máis urxentes dos nosos tempos: a ameaza que representan os plásticos para as contornas e organismos mariños, e como a ciencia e a arte poden empregarse como ferramentas de loita contra esta problemática.

recursos didácticos



Agència Catalana de l'Aigua
 (consultada o 7 de xuño de 2023)
L'impacte dels plàstics
 Generalitat de Catalunya
<https://bit.ly/3MiHj82>
 Idioma: catalán
 Primaria e secundaria

No mundo, chegan ao mar cada ano 8,8 millóns de toneladas de plásticos. Estes causan grandes danos na fauna e flora que vive nos océanos. Este portal interactivo recolle varias infografías sobre esta problemática que afecta de forma global: as consecuencias dos refugalloos que ocasionan a actividade humana sobre o ecosistema mariño.



Alfaro, I., et al. (2019)
El plástico y los océanos: unidad didáctica: educación secundaria
 Ayuntamiento de Pamplona
<https://bit.ly/3kDx662>
 Idioma: español.
 Secundaria

O noso planeta encara unha crise ambiental que afecta tanto á contorna natural como aos seres vivos que o habitan. Sensibilizar á poboación escolar, e concretamente ao primeiro ciclo de educación secundaria, no coñecemento e protección dos nosos mares fronte o impacto dos residuos plásticos é o obxectivo desta guía.



Asociación Amicos (2021)
RE-MAR: guía de sensibilización ambiental sobre os residuos mariños
 Asociación Amicos
<https://bit.ly/3Bsk2LV>
 Idioma: galego
 Primaria e secundaria

Esta guía explica que son os residuos mariños e porque son un problema. Recolle tamén algunhas actividades accesibles para aprender a coidar a natureza. Accesible significa que todas as persoas poden realizar estas actividades e comprendelas. As persoas con discapacidade intelectual da Asociación Amicos fixeron estas actividades accesibles para ensinar a outras persoas a coidar a natureza.



Campus de Excelencia Internacional, Campus do Mar
 [consultada o 7 de xuño de 2023]
Oceans of plastics: recursos
 Campus do Mar
<https://bit.ly/3qwiPAQ>
 Idioma: español
 Todos os niveis

Oceans of Plastics é un proxecto de divulgación científica mariña do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar cuxo obxectivo é a elaboración de recursos divulgativos que aborden a realidade do impacto que os plásticos están tendo nos océanos. Recolle unha serie de unidades didácticas, infografías, gifs animados... para axudar aos docentes de distintos niveis educativos a abordar esta problemática dende distintos puntos de vista.



CENEAM *Reeducamar: red y recursos de educación marina*


[consultada o 7 de xuño de 2023]
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, Organismo Autónomo Parques

Nacionales

<https://bit.ly/32H5xCI>

Idioma: español
Todos os niveis

Miniportal do Centro Nacional de Educación Ambiental concebido como unha rede e inventario de recursos de educación mariña en España, co fin de unir á comunidade de educadores e educadoras mariños, achegar o coñecemento do mar ao público xeral e fomentar a conciencia mariña e a responsabilidade da cidadanía coa conservación dos nosos mares.



Centro Oceanográfico de Vigo (2021)

Clean Atlantic: recurso educativo: propuestas para dar a conocer el problema de la basura marina

Centro Oceanográfico de Vigo

Nivel I: <https://bit.ly/3lrQQjX>

Nivel II: <https://bit.ly/3pSNuIq>

Idioma: español

Primaria e secundaria

Recursos didácticos elaborados dentro do proxecto europeo CleanAtlantic que pretenden sensibilizar sobre o problema do lixo mariño na área atlántica. As actividades seleccionadas poden adaptarse a un amplo rango de idades. Inclúen información sobre que é o lixo mariño, a situación en España e solucións.



Echegaray Skontorp, M. e Reyes Robles, J. (2019)

La contaminación marina por plásticos: información básica para docentes de primaria

ACOREMA
<https://bit.ly/2IIS1aS>

Idioma: español
Primaria

ACOREMA é unha asociación civil peruana sen fins de lucro adicada á investigación e conservación da biodiversidade mariña, con énfase no estudo de especies ameazadas e no impulso da educación mariña. Este recurso é unha ferramenta de apoio ao profesorado, que pretende facilitar o desenvolvemento do tema da contaminación mariña por plásticos.



Echegaray Skontorp, M., Torres Tarazona, L. e Reyes Robles, J. (2011)

La basura marina: cartilla de juegos y actividades

ACOREMA

<https://bit.ly/2K8ZccR>

Idioma: español
Primaria

Este recurso didáctico, editado tamén por ACOREMA, recolle diferentes xogos e actividades para traballar a problemática do lixo mariño en educación primaria.



Gerència de Serveis de Medi Ambient (ca. 2019)

La mar de plàstics
[exposición]

Diputació Barcelona

<https://bit.ly/3MhYcPZ>

Idioma: catalán
Primaria e secundaria.

A contaminación por plásticos converteuse nos últimos anos nun dos principais problemas que ameazan o medio mariño, chegando a causar graves problemas nos ecosistemas e incluso na saúde das persoas. Esta exposición describe o problema da contaminación mariña por plásticos e as claves para formar parte da súa solución.



Instituto de Ecología del Litoral (ca. 2020)

¿+ mar o + plástico? tú decides
[exposición]

Instituto de Ecología del Litoral

Paneis: <https://bit.ly/3qz1cQK>

Material para o docente: <https://bit.ly/3MTctHq>

Idioma: español
Primaria e secundaria.

Os plásticos constitúen na actualidade un dos maiores problemas ambientais do planeta. Esta exposición céntrase nesta problemática desde un punto de vista multidisciplinar, incluíndo orixe, utilización, xeración, e reciclaxe de residuos, así como a importancia da implicación social.



Lorenzo Rial, M. A., Álvarez Lires, M. M. e Álvarez Lires, F. X. (2020)

Océanos en peligro

Deputación de Pontevedra

Unidade didáctica: <https://bit.ly/45Rhgh1>

Infografía: <https://bit.ly/3qwRNcJ>

Idioma: galego
Todos os niveis

Proposta didáctica que pretende abordar a problemática da contaminación mariña. As actividades propostas complementáanse cos contidos das outras recursos didácticos incluídos no programa e relacionados cos océanos dende a perspectiva de xénero:

<https://sustentabilidadeenfeminino.campusdomar.gal/recursos-educativos>





MARLISCO (2012-2015)
Conoce, siente, actual! contra los desechos marinos

Marlisco
<https://bit.ly/45KNbjn>
Idioma: español


Recurso didáctico para sensibilizar sobre o problema do lixo nos nosos mares. Contén 17 actividades de aprendizaxe que examinan as características, fontes, efectos e posibles formas para abordar o problema, dende o punto de vista ambiental, social, cultural e económico. Deseñado para profesorado de último ciclo de primaria e secundaria.



Mingas por el mar [consultada o 16 de novembro de 2020]
[Plásticos de un só uso]

Mingas por el mar
<https://bit.ly/32NMsyG>
Idioma: español
Primaria e secundaria

Mingas por el mar é unha organización sen ánimo de lucro ecuatoriana e xestionada por un grupo de voluntarios e voluntarias cuxa misión é educar e tomar acción no coidado e conservación dos océanos. Este recurso está elaborado en formato charla como material de apoio ao traballo nas aulas.



Muela, L. [et al.] (2000)
Azterkosta: unidades didácticas: educación ambiental sobre la costa
Servicio de Publicaciones del Gobierno Vasco

Educación primaria: <https://bit.ly/3kEpznI>
Educación secundaria: <https://bit.ly/2Kcwact>
Idioma: español, euskera
Primaria e secundaria


Material didáctico que recolle información sobre o ecosistema litoral, de especial interese dende o punto de vista ambiental pola súa riqueza física e biolóxica, pero tamén da súa vulnerabilidade, da presión humana que soporta e as medidas de protección necesarias. Inclúe unha grande cantidade de actividades para realizar nas aulas.



Sánchez, Jordi (coord.) (ca. 2018)
Un mar sin desperdicio

SUBMON
Manual del docente: <https://bit.ly/3lCTk9D>
Manual del alumnado: <https://bit.ly/2lKOXL1>
Idioma: español
Primaria

Material didáctico dirixido a alumnado de educación primaria elaborado dentro do proxecto 'Un mar sin desperdicio', que pretende dar a coñecer a problemática do lixo mariño, as consecuencias que provoca, co fin de buscar a implicación de toda a comunidade educativa.



Sánchez, J. e Dalmau, E. (coords.) (2022)

Educamares
SUBMON
Guía profesorado - 1º e 2º ESO: <https://bit.ly/43elvkT>
Guía alumnado - 1º e 2º ESO: <https://bit.ly/3W3XeeF>
Guía profesorado - 3º e 4º ESO:

<https://bit.ly/3M5GX4n>
Guía alumnado - 3º e 4º ESO: <https://bit.ly/3l78HnV>
Guía profesorado - bacharelato: <https://bit.ly/3o4z9lf>
Guía alumnado - bacharelato: <https://bit.ly/3nZONVc>
Idioma: español
Secundaria e bacharelato

Estamos máis vinculados aos océanos do que pensamos. Como inflúe en ti e que influencia tes ti sobre el? O proxecto Educamares ten como obxectivo divulgar a importancia dos ecosistemas mariños entre o alumnado de secundaria e bacharelato, e para tal fin editáronse varios recursos didácticos que falan tanto da importancia do medio mariño, como das ameazas que sofre, facendo especial fincapé nos espazos protexidos mariños.



Schlögl, R. e Winter, A. (2017)
Menos plástico es más mar
WDC, Whale and Dolphin Conservation

<https://bit.ly/3MXJKgi>
Idioma: español
Primaria

Este recurso pretende sensibilizar aos nenos e nenas en idade escolar de primaria sobre a produción de residuos plásticos e as consecuencias do noso imprudente comportamento cotiá, preparándoos para un futuro no que consumamos de forma máis responsable e produzamos menos residuos plásticos. Recolle información, xogos e actividades de apoio ao ensino.



Surfrider Foundation Europe
[consultada o 16 de novembro de 2020]

Basura marina
Surfrider Foundation Europe
<https://bit.ly/2UtwrtD>
Idioma: español
Primaria e secundaria.

Surfrider Foundation Europe é unha organización internacional adicada á protección e posta en valor do océano, as ondas e o litoral con máis de 25 anos de traxectoria. Como parte do proxecto Ocean Campus, a entidade ofrece recursos didácticos dirixidos a colexios, comunidades e profesionais. Neste portal atópanse diferentes actividades sobre o lixo mariño, dirixidas tanto a educación primaria como secundaria.



